

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 22 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas emigrantes galegas retornadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR937A).

Advertido un erro na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 71, do 13 de abril de 2023, é preciso facer a seguinte corrección:

Na páxina 23177, na alínea f) do artigo 8, onde di: «Este plan deberá ter informe da súa viabilidade económica e financeira de entidade independente, entre as cales figuran os/as axentes de emprego e desenvolvemento local e a Unidade de Galicia Emprende do Igape. Neste último caso, o informe solicitarase a través da aplicación establecida no enderezo da internet: <http://www.tramita.igape.es> (procedemento PE001)»; debe dicir: «Este plan deberá ter informe da súa viabilidade económica e financeira de entidade independente, entre as cales figuran as persoas axentes de emprego e desenvolvemento local e a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Neste último caso, o informe solicitarase á Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego a través do seguinte enderezo web: <https://polosemprendemento.gal/prog-retorna-emprend>».

